

FeSP -UGT SOLICITA A CONVOCATORIA DA SUBCOMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE ESTABILIDADE PARA TRATAR SOBRE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018. Tralo anuncio realizado polo presidente da Xunta de Galicia sobre a oferta de emprego público docente para o ano 2018, o sector de Ensino de FeSP-UGT Galicia, solicita a convocatoria urxente da **Subcomisión de Seguimento do Acordo de Estabilidade de Emprego**, para así poder analizar con maior profundidade esta oferta de emprego e concretar as condicións da mesma.

Despois dun primeiro análise das declaracións realizadas polo presidente da Xunta, esta organización sindical quere recordar que este incremento de prazas con respecto ás convocatorias ordinarias é consecuencia directa, en primeiro lugar, do Acordo pola mellora do Emprego, que asinou a FeSP-UGT no mes de marzo do ano 2017 en Madrid, e que abriu a posibilidade ás comunidades autónomas de converter o emprego interino en estable e fixo. E en segundo lugar, “en Galicia, o pasado 18 de outubro a FeSP-UGT tamén asinamos o Acordo para o desenvolvemento dun Plan de Estabilidade no Emprego dos Servizos Públicos coa Xunta de Galicia, que concreta e reforza o acadado a nivel Estatal”.

Esta organización sindical quere poñer en valor os acordos que asina, porque “consolidan e estabilizan as plantillas dos centros educativos de Galicia e conseguen melloras nas condicións de traballo do profesorado”, explica o secretario de organización de FeSP-UGT Galicia, Felipe Balboa. Estamos a falar dunha reposición de 3.300 docentes en tres anos, aos que lle hai que sumar 1.600 prazas



temporais que pasarán a ser fixas nun prazo de tres anos. Isto fai un total de 4.900 prazas aproximadamente. Ademais, a FeSP-UGT Galicia tamén asinou o acordo de interinos que establece como obxectivo que o número de interinos dos corpos docentes se sitúe en torno ó 5 %.

A oferta. Destacar que a oferta global de 1.919 prazas anunciada onte é moi superior ás ofertas ordinarias de emprego que se viñan facendo en anos anteriores: 430 prazas no ano 2015, 1.100 no ano 2016 e de e de 1.100 prazas no ano 2017 aproximadamente.

Tomando como referencia as convocatorias anteriores (convocatorias que eran ordinarias), esta oferta sitúase en 800 prazas por riba do que viña sendo a oferta normal. O que supón un incremento dun 70% do que sería a convocatoria normal ordinaria e é consecuencia directa da concreción dos distintos acordos que esta organización sindical ten asinados.

Esta oferta tamén implica converter en fixos á metade dos 1.600 postos que se pretender consolidar.

Voceiro: Felipe Balboa, secretario de organización da FeSP-UGT Galicia. Tfno: 670573634